



# PROGRAMACIÓN CULTURAL

SEGUNDO SEMESTRE | SETEMBRO-DECEMBRO 2025



CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS



# BULEBULE

## OS NÁUFRAGOS - URDIME

15 | SETEMBRO | 18:30H | 3 € | PÚBLICO FAMILIAR | 45 MIN

**BULEBULE** é o novo espectáculo para público infantil de Os Náufragos teatro sobre o TDAH, o trastorno do déficit de atención con hiperactividade.

A Candela encántalle o mar e soña con ser patroa dun barco, que quere construír ela mesma. Ser patroa non é unha tarefa doada e facer un barco, tampouco. A Candela gústalle moito pasar tempo co seu amigo Bruno, quen vive nun faro e sente verdadeira paixón por compoñer música. Candela, a quen chaman Bulebule, ten TDAH.

**BULEBULE** é unha fermosa obra que explora os camiños da igualdade, destacando o esforzo das mulleres por derrubar as barreiras que lles impiden acceder a determinadas profesións.

### Ficha técnica e artística:

Elenco: Jimmy Númez e Irene Lorenzo.

Dirección: Gustavo del Río.

Escenografía: Marimo Estudios.

Iluminación: Daniel Pais.

Música: Daniel Vidente.

Coreografía: Adrao Casal.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



# TRASH!

YLLANA E TOOM PAK

11 | OUTUBRO | 20:30H | 15 € | TODOS OS PÚBLICOS | 80 MIN

Produccións Yllana e Toom Pak únense para dar lugar a **TRASH!** Un espectáculo vital e enerxético sobre as posibilidades da reciclaxe a través da percusión, o movemento e o humor. Ten lugar nun centro de reciclaxe do lixo, onde catro imaxinativos operarios dan novos usos a todo tipo de refugallos que chegan ao lugar, fannos reflexionar sobre o exceso de consumismo na nosa sociedade.

Bombonas de butano, paraugas, pelotas, caixas de ferramentas, bucinas, bolsas do lixo... Calquera elemento que cae en mans destes operarios, son transformados en vistosos números musicais cheos de enxeño e humor.

Coidado! O seu aloucado talento é moi contaxioso

### Ficha técnica e artística:

Elenco: Aka Thiemele, Bruno Alves, Frank Mark, Gorka González e Jose Filguera.

Dirección: David Ottone e Jony Elías.

Escenografía e vestuario: Tatiana de Sarabia.

Iluminación: Lola Barroso.

Son: Nacho Ramírez.

Coreografía: María Rato.



# ABRA DE CABRA

LÎLÂ TEATRO

17 | OUTUBRO | 21:00H | 5 € | >16 ANOS | 65 MIN

Esta é a viaxe iniciática dunha Cabra Montesa chegada ao mundo nun remoto e inhóspito lugar. Un día decide emprender unha longa viaxe na procura dunha vida máis próspera e amable, unha ousadía que tornará nunha Odisea digna de calquera heroína mitolóxica. A pesar de todos os malogrados intentos de convivencia pacífica coa raza humana, a protagonista non é quen de se entender coa nova veciñanza de dúas patas.

Despois de experimentar unha morea de extravagantes aventuras, algún alborozo e moitos pesares, proponse regresar de novo á ABRA, o abeiro da Cabra, á simple vida montesa para a que quizais foi concibida.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Limes GG.

Autor: Lines GG e Lara Manzano.

Son: Lara Manzano.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



# ACENDER A NOITE

SOLEDAD FELLOZA

31 | OUTUBRO | 20:00H | 3 € | PÚBLICO FAMILIAR | 55 MIN

*“Había unha vez un neno ao que non lle gustaba nada nada, a noite. Gustábanlle as lanternas, e as lámpadas, e os fachos e os farois e os faros e os resplandores e as velas e os raios e os lóstregos... Pero non lle gustaba a noite.*

*Mentres, os outros nenos xogaban nos prados, baixo a noite. Rindo. Ao lonxe. De súpeto escoitou un golpe na xanela! Había unha sombra. Un golpe na porta! Unha sombra! Un ruído na entrada. Unha sombra! E así foi como Noite chegou xunto ao Neno e xuntos descubriron as historias que alumean o mundo e derrotan á Escuridade.”*

Contos para rir co medo, para rir co disparate, para atopar ás cousas que alumean de verdade

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Sole Felloza.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



# AS GARDIÁS

TEATRO DE NINGURES

7 | NOVEMBRO | 21:00H | 5 € | >16 ANOS | 90 MIN

**AS GARDIÁS**, ou o dereito a decidir como xestionar a nosa propia velez.

O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acoledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que se atopa nunha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as vellas mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a mellor postura.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Casilda Alfaro, Melania Cruz, Amparo Martínez, Sonia Rúa e Rebeca Montero.

Autor: Nasser Djemaï.

Dirección: Cristina Domínguez.

Escenografía: Carlos Alonso.

Iluminación: Salvador del Río e Hector Pazos.

Son: Héctor Pazos.

Vestuario: Carlos Alonso.

Música: Héctor Pazos.

Coreografía: Amparo Martínez



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



centro  
dramático  
galego



# O CARTEIRO DE XIMARAOS

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

11 E 12 | NOVEMBRO | 11:30H | 2 € | FUNCIONS ESCOLARES | 80 MIN

**O CARTEIRO DE XIMARAOS** é unha peza teatral de pequeno formato para a infancia, profundamente conmovedora, baseada na obra de Carlos Labraña gañadora en 2024 do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil convocado pola Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia.

A historia mestura maxistralmente realidade e fantasía para abordar dúas temáticas de gran relevancia: o impacto emocional do alzhéimer nas familias e o papel da memoria ligada ao correo postal como fío condutor das relacións humanas. A peza céntrase na relación entre un avó, antigo carteiro da vila de Ximaraos, e o seu neto, que descobre na saca do avó un tesouro de cartas esquecidas. A través desta conexión, o espectáculo reflexiona sobre como as historias,

as memorias compartidas e os pequenos rituais familiares poden enfrontarse ao esquecemento.

## **Ficha técnica e artística:**

Dirección: Susana Villaverde.

Dramaturxia: Ezequiel Rodríguez e Susana Villaverde.

Interpretación: Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rey.

Escenográfica e creación de audiovisuais: Maite Dubois.

Creación de iluminación e máscaras: Amelia Poyato.

Deseño de monicreques e indumentaria: Amelia Poyato, Marcelino de Santiago e Isabel Rey.

Composición: Xosé Lois Romero.

Espazo sonoro: Noemi Pardo.



# ECOS DE BREGÁN

IRIA FOLGADO

14 | NOVEMBRO | 21:00H | 5 € | TODOS OS PÚBLICOS | 70 MIN

**ECOS DE BREGÁN** é o debut discográfico da oboísta Iria Folgado (San Sadurniño, Galicia, 1996), solista de corno inglés en Konzerthaus Orchester de Berlín. Unha travesía polo repertorio de música de cámara para óboe composto nas illas británicas no primeiro terzo do século XX por Benjamin Britten, Ralph Vaughan Williams, Arnold Bax e pola compositora Elizabeth Maconchy, xunto á creación contemporánea do galego Fernando Buide del Real.

**ECOS DE BREGÁN** foi gravado no coro alto da Igrexa de Santo Domingo de Tui, en agosto de 2023, co apoio das Axudas Creación INJUVE 2022-2023, tras unha residencia artística no festival Música no Claustro.

En **ECOS DE BREGÁN**, Iria Folgado lidera unha formación de cámara integrada polas violinistas Raquel Areal e Sara Areal, xunto a viola de Héctor Cámara e o violonchelo de Iago Domínguez.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Iria Folgado



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



# LAS PRECIOSAS RIDÍCULAS

CULTURACTIVA - ARROZ CON COSTRA

21 | NOVEMBRO | 21:00H | 5 € | >14 ANOS | 70 MIN

**2º premio ao mellor espectáculo no Festival de Teatro Clásico e Experimental CLASICOFF de Madrid 2024 e mellor espectáculo para público mozo e adulto, e mellor adaptación de texto no Festival Internacional de Teatro para a Infancia a mocidade FITIJ en Santo Domingo, República Dominicana 2024.**

Magdelón e Cathos chegan a París coa esperanza de atopar amor e sofisticación. Non obstante, a súa obsesión pola moda, a aparencia e a linguaxe afectada lévaas a comportarse de maneira ridícula e superficial. Chamándose a si mesmas “as preciosas”, cren estar no cumio da elegancia e esixen constante admiración. O seu tío Gorgibus tenta atoparlles maridos axeitados, e os pretendentes La Grange e Du Croisy están dispostos a cortexalas, pero descubren a súa vacuidade. Idean entón un plan: Mascarilla, un dos seus criados, faise pasar por un aristócrata chamado “Marqués de Mascarilla”. A súa falsa etiqueta e linguaxe florida impresionan ás mozas,

quen compiten pola súa atención. Cando se descobre a verdadeira identidade de Mascarilla, as preciosas decátanse de que foron enganadas. A comedia critica a afectación, a vaidade e a obsesiva busca de estatus social, destacando a falta de autenticidade na sociedade da época.

## **Ficha técnica e artística:**

**Elenco:** en escena: Estefanía Allende, Gaberiela Botella, Roberto Torres e Adrián Rodríguez; nos videos proxectados: Paco Peraile e Jaime Contreras.

**Dirección, escenografía e Son:** Marcos Altuve.

**Vestuario:** Carlos Maciá e Serèna Grasiuzzi.



# INTRO

MARÍA MENDOZA

28 | NOVEMBRO | 21:00H | 5 € | TODOS OS PÚBLICOS | 60 MIN

**INTRO** é un concerto de música de piano, con pezas escritas e interpretadas pola pianista e compositora **María Mendoza**. Este primeiro traballo discográfico en solitario divídese en tres bloques:

Meu Amigo **ANTIQUE 4** pezas baseadas en 4 Cantigas de Amigo de Martim Codax

Galician Sketches **TRADICIONAL 3** pezas baseadas en tres xotas das terras de Avión (Galicia) recuperadas polo colectivo Castro Floxo e fixadas musicalmente no 1997 no Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense.

Imagens **CONTEMPORÁNEA 2** pezas en estilo minimalista, influencia de compositores cinematográficos como Philip Glass, Clint Mansell e Hans Zimmer.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: María Mendoza





VENDA ANTICIPADA EN

[https://www.woutick.es/  
evento/70145/entradas-  
el-tributo-del-rey-leon-  
en-o-barco-de-  
valdeorras](https://www.woutick.es/evento/70145/entradas-el-tributo-del-rey-leon-en-o-barco-de-valdeorras)

# MUSICAL O REI LEÓN

NÉBOA ONBEAT

6 | DECEMBRO | 17:00H | 15 € | PÚBLICO FAMILIAR | 80 MIN

Hai películas e cancións que pasaron á historia e que atraen a curiosidade do público en todo o mundo. O **MUSICAL O REI LEÓN** é, sen dúbida, a referencia.

A interacción co público, as espectaculares voces en directo, unha grande aposta en escena e unhas atractivas coreografías, ademais dunha presentación moi divertida con maestros de cerimonia, aseguran unha experiencia inolvidable neste concerto. Escoitaremos todos os temas do Rei León 1, 2 e 3.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Compañía Onbeat. Antonio

Dirección: Antonio Martín.



# ROCK 'N' MAGIC

MAGO TETO

12 | DECEMBRO | 19:00H | 8 € | PÚBLICO FAMILIAR | 70 MIN

**ROCK 'N' MAGIC**, dirixido por Fran Rei, é máis que un espectáculo de maxia; é un concerto de rock and roll. O Mago Teto, un dos mellores e máis populares magos do noso país, une o seu talento ao de Fer Risco na batería e Mon Orencio na guitarra, para construír un espectáculo onde a maxia convive con algúns dos clásicos do rock and roll.

O show dun mago dunha tremenda e contrastada calidade. Un show que mestura as dúas principais pasións de Teto: o rock e a maxia. Era cuestión de tempo unilas e sumar ao seu repertorio un espectáculo cargado de ilusións, ritmo, humor e moita, moita, moita tralla.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Mago Teto, Mon Orencio e Fer Risco.

Dirección: Fran Rei.



# CONQUISTADORES

PROYECTO CULTURA

19 | DECEMBRO | 21:00H | 8 € | >14 ANOS | 65 MIN

Rápido, subídel!. A nave está a punto de partir cara As Indias. Ao outro lado espéranos mil aventuras, terras inexploradas, cidades sobre a auga e mares descoñecidos.

Un espectáculo emocionante, cunha posta en escena atrevida, co que xogamos a descubrir o Pacífico con Vasco Núñez de Balboa, coñecer Tenochtitlán xunto a Hernán Cortés, vivir con Francisco Pizarro as penalidades sufridas polos Trece da Fama, encontrar auga no deserto de Atacama da man de Inés Suárez ou presenciar a fundación de Santiago de Chile con Pedro de Valdivia entre outros acontecementos históricos...

Espectáculo recomendado pola Red Española de Teatros e por SAREA, candidato

aos Premios MAX 2022 a mellor espectáculo revelación e mellor autoría revelación.

## Ficha técnica e artística:

Elenco: Chema Pizarro, Francis J. Quirós e Nuqui Fernández.

Dirección e dramaturxia: Pedro Luis López.

Iluminación: Pedro Luis López e Jorge Rubio.

Escenografía: Pedro Luis López.

Son: Álvaro Rodríguez Barroso.

Vestuario: Juanjo Gragera



# O APALPADOR

## A TRASTENDA DOS CONTOS

29 | DECEMBRO | 19:00H | DE BALDE | PÚBLICO FAMILIAR | 80 MIN

**O APALPADOR** é un personaxe mitolóxico da tradición galega que estivo a piques de desaparecer pero do que aínda quedan algunhas testemuñas na zona do Caurel e os Ancares. Conta a tradición que é un xigante, que foi carboeiro, que apaña castañas e talla xoguetes en anacos de madeira que atopa nos seus paseos polos montes.

**Neste espectáculo recibimos a súa visita para que nos conte quen é, cal é a súa orixe, a que se adica no seu día a día ...** e o que é máis importante que consellos temos que seguir para que cando nos visite nos deixe unha presada de castañas e algún dos agasallos que el mesmo fai en madeira. Un personaxe entrañable que nos fará pasar unha hora chea de maxia.

### **Ficha técnica e artística:**

Elenco: Caxoto

## ENTIDADES COLABORADORAS



XUNTA  
DE GALICIA



AXENCIA GALEGA  
DAS INDUSTRIAS  
CULTURAI



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



reaOU  
rede de auditorios  
provincial de  
Ourense

**10** **TEATRO**  
**LAURO OLMO**  
**O BARCO**



**CONCELLO**  
**O BARCO DE VALDEORRAS**